

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Educación, Deportes e Mocidade

Concesión definitiva FO103D/2026

ANUNCIO

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCIÓNS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA FO103D: PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA O DESENVOLVEMENTO DE GRANDES EVENTOS DEPORTIVOS SINGULARES DE ESPECIAL INTERESE NA PROVINCIA DURANTE O ANO 2026

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Primeiro.- Mediante resolución da Presidencia número 17686 do 24 de abril de 2026, que foi publicada no BOP do 29 de abril de 2026, concedeuse de forma provisional, as subvencións da convocatoria FO103D: Programa de subvencións a entidades deportivas, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de grandes eventos deportivos singulares de especial interese na provincia durante o ano 2026, abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de concesión provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes puidesen comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación, presentar alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistencia expresa, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

Segundo.- Analizada a documentación achegada polos solicitantes no devandito prazo procede:

1. Desestimar as alegacións das entidades que se detallan deseguido con indicación dos motivos:

Expediente/Entidade	Alegación	Motivos da desestimación
Expediente: 2026000010068 (G70537410) ASOC CULTURAL DEPORTIVA E RECREATIVA OS ESCARAVELLOS CLUVE CICLISTA	A entidade alega que, cumpre coas normas da UCI, RFEC e FGC, que non é una proba cicloturista meramente se non que está catalogada como Ciclodeporte, que se rexen por regulamentos técnicos, anexos e normas particulares das distintas disciplinas autorizadas polas Federacións antes mencionadas, que contan cun árbitro oficial que garante o cumprimento das normas, que contan con seguro. Indican ademais que na memoria púxose por error que é un evento non competitivo.	O evento cumpre coa normativa exigida para a súa organización, pero non acredita que se trate dun evento de carácter competitivo, polo que se mantén o motivo do descarte.
Expediente: 2026000010209 (G15031719) CLUB CICLISTA PADRONES	A entidade alega a singularidade e interese provincial do evento e a solvencia técnica e experiencia organizativa, achega tamén certificación da Real Federación Española de Ciclismo que xa figuraba no expediente. Solicita a revisión da valoración da puntuación outorgada.	Reunida de novo a Comisión Técnica, despois de estudar as alegacións presentadas pola entidade tómanse en conta, modificando a valoración de dous apartados 6.2: Características técnicas do evento, e 7.2: Historial do evento, outorgándolle 2 puntos máis, co que pasaría a ter un total de 11,5 puntos, insuficientes para acadar a puntuación mínima dos 15 puntos.

2.- Inadmitir a documentación achegada pola entidade CLUB DEPORTIVO ESCUELA AYUDE con NIF G70159959 e número de expediente 2026000009026 por extemporánea.

Vistos o informe do Servizo de acción social, educación, deportes e mocidade e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas polas entidades ASOC CULTURAL DEPORTIVA E RECREATIVA OS ESCARAVELLOS CLUVE CICLISTA con NIF G70537410 e CLUB CICLISTA PADRONES con NIF G15031719, polos motivos expostos anteriormente.

Segundo.- Inadmitir a documentación achegada pola entidade CLUB DEPORTIVO ESCUELA AYUDE con NIF G70159959, polos motivos expostos anteriormente.

Terceiro.- Aprobar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa FO103D: Programa de subvencións a entidades deportivas, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de grandes eventos deportivos singulares de especial interese na provincia durante o ano 2026, ás entidades sen animo de lucro seguintes:

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA VELLA ESCOLA NIF: G36597714 Cod. Exp.: 2026000010349 Obxecto: ORGANIZACIÓN E PRODUCCIÓN DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE BREAKING DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE BAILE DEPORTIVO E DA PROGRAMACIÓN COMPLEMENTARIA ENMARCADA NO EVENTO COMPOSTELA STREET 2026	19.500,00	0,7401	26.347,79
Beneficiario: CLUB DEPORTIVO ELEMENTAL ECODEPORTE NIF: G87361259 Cod. Exp.: 2026000006300 Obxecto: 33 CAMPIONATO DO MUNDO DE 100KM (AMES - A CORUÑA)	21.500,00	0,5963	36.055,68
Beneficiario: CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO NIF: G15783483 Cod. Exp.: 2026000002512 Obxecto: CELEBRACIÓN DA XXXV EDICIÓN DO CONCURSO HÍPICO NACIONAL 3 ESTRELLAS - EQUIOCIO 2026	21.500,00	0,2021	106.382,98
Beneficiario: CLUB HERCULES XTRM NIF: G70404967 Cod. Exp.: 2026000010070 Obxecto: 6ª TRAVESÍA COSTA ÉZARO 2026 - 17ª ETAPA DA XI COPA DE ESPAÑA DE AUGAS ABERTAS	19.500,00	0,6821	28.588,18
Beneficiario: CLUB HIPICO MARCO DAS PIAS NIF: G70391552 Cod. Exp.: 2026000010420 Obxecto: CELEBRACIÓN CONCURSO DE SALTO NACIONAL ** MARCO DAS PÍAS DO 18 AO 20 DE SETEMBRO	21.500,00	0,8000	26.875,00
Beneficiario: CLUB MOTOMONTAÑISMO ARTEIXO NIF: G70516612 Cod. Exp.: 2026000002145 Obxecto: TRIAL DAS NACIÓNS-ARTEIXO 2026	21.500,00	0,8000	26.875,00
Beneficiario: CLUB PRAIA DE PANTIN NIF: G70177910 Cod. Exp.: 2026000006411 Obxecto: 39ª EDICIÓN DO CAMPIONATO DO MUNDO DE SURF DA WORLD SURF LEAGUE "ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO"	21.500,00	0,1800	119.444,44
Beneficiario: CLUB RALLY CORUÑA NIF: G15822596 Cod. Exp.: 2026000001876 Obxecto: CAMPIONATO DE ESPAÑA DE AUTOCROSS - 18º AUTOCROSS DE CARBALLO	19.500,00	0,3788	51.478,35
Beneficiario: CLUB RALLY TERRA DE GALICIA NIF: G75452979 Cod. Exp.: 2026000008306 Obxecto: RALLY TERRA DE GALICIA 2026, CAMPIONATO DE ESPAÑA DE RALLYS DE TERRA	19.500,00	0,2882	67.661,35
Beneficiario: CLUB RALLYE RÍAS ALTAS NIF: G70511415 Cod. Exp.: 2025000057923 Obxecto: ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO RALLY RÍAS ALTAS HISTÓRICO 2026	19.500,00	0,4467	43.653,46
Beneficiario: CLUB UTMIC NIF: G70613476 Cod. Exp.: 2026000001026 Obxecto: VI DESAFÍO INTERNACIONAL ECOCAMIÑO 50K	19.500,00	0,7531	25.892,98
Beneficiario: CLUB VICTORIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NIF: G15209588 Cod. Exp.: 2026000010487 Obxecto: ORGANIZACIÓN DO TORNEO ATLÁNTICAS: TORNEO INTERNACIONAL FEMININO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA	21.500,00	0,7692	27.951,12
Beneficiario: CONGOSTRA TEAM SANXENXO NIF: G36576346 Cod. Exp.: 2026000000563 Obxecto: I RALLYSPRINT CERCEDA - TORDOIA	19.500,00	0,8000	24.375,00

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ESCUDERIA AUTOMOVILISTICA DEL FERROL NIF: G15115660 Cod. Exp.: 2025000057629 Obxecto: ORGANIZACIÓN DO 57 RALLY DE FERROL	19.500,00	0,2681	72.734,05
Beneficiario: ESCUDERIA BERBERECHO NIF: G15143662 Cod. Exp.: 2026000000907 Obxecto: CELEBRACIÓN DO RALLY DE NOIA	19.500,00	0,5954	32.751,09
Beneficiario: ESCUDERIA LA CORUÑA NIF: G15115058 Cod. Exp.: 2026000004702 Obxecto: ORGANIZACIÓN DO 10 ECORALLY A CORUÑA	19.500,00	0,2737	71.245,89
Beneficiario: ESCUDERIA PEÑA AUTOCROSS ARTEIXO NIF: G15120462 Cod. Exp.: 2026000010172 Obxecto: 30 AUTOCROSS ARTEIXO - CEAX 2026 - CAMPIONATO DE ESPAÑA DE AUTOCROSS	19.500,00	0,8000	24.375,00
Beneficiario: FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO GALICIA NIF: G27033737 Cod. Exp.: 2026000010493 Obxecto: XXXVIII CAMPIONATOS DE ESPAÑA XUVENIL, JÚNIOR E ABSOLUTO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO NA PRAIA RAZO-CARBALLO 2026	21.500,00	0,5968	36.025,47
Beneficiario: FEDERACION ESPAÑOLA DE KARATE NIF: G28557056 Cod. Exp.: 2026000009139 Obxecto: ORGANIZACIÓN WKF SERIES A - COMPETICIÓN INTERNACIONAL	24.500,00	0,3750	65.333,33
Beneficiario: FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO NIF: G15103500 Cod. Exp.: 2026000000472 Obxecto: XXXIX GRAN PREMIO INTERNACIONAL DE MARCHA ATLÉTICA CANTONES DA CORUÑA-TROFEO SERGIO VÁZQUEZ	21.500,00	0,3937	54.610,11
Beneficiario: FEDERACION GALLEGA DE BALONMANO NIF: G36690832 Cod. Exp.: 2026000010388 Obxecto: IV TORNEO NACIONAL DE BALONMÁN PROVINCIA DA CORUÑA	21.500,00	0,7813	27.518,24
Beneficiario: OCR CERCEDA NIF: G70606322 Cod. Exp.: 2026000009066 Obxecto: POSEIDÓN RACE CERCEDA 2026	21.500,00	0,3934	54.651,75
Beneficiario: SAMURAI SPORT'S CLUB NIF: G70465794 Cod. Exp.: 2025000052682 Obxecto: IX EDICIÓN DA SAMURAI XTREME RACE LAGO DAS PONTES 2026	24.500,00	0,8000	30.625,00
Beneficiario: SOCIEDAD DEPORTIVA RIO SAR NIF: G15287733 Cod. Exp.: 2026000010106 Obxecto: CAMPIONATO DE ESPAÑA DE COMPAK-SPORTING 2026	21.500,00	0,8000	26.875,00

Total concedido: 500.000,00 €.

Cuarto.- Considerar como definitivos os orzamentos modificados de oficio naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes poden consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

Quinto.- Autorizar ás entidades que o solicitaron para que poidan concertar a execución do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria e no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (O importe subvencionable non pode exceder do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario).

Sexto.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3411/481, por importe de: 500.000,00 €

Anular o saldo sobrannte no documento contable A e no correspondente RC, por economía na concesión das subvencións

Sétimo.- Denegar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa F0103D: Programa de subvencións a entidades deportivas, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de grandes eventos deportivos singulares de especial interese na provincia durante o ano 2026, ás entidades sen animo de lucro seguintes:

Solicitudes	Motivo
Solicitante: ASOC CULTURAL DEPORTIVA E RECREATIVA OS ESCARAVELLOS CLUVE CICLISTA NIF: G70537410 Cod. Exp.: 2026000010068 Obxecto: II MARCHA CICLOTURISTA EUROVELO COMPOSTELA	Incumpre a base específica 2: o evento non é competitivo; está incluído no calendario oficial da Federación na categoría de "Ciclismo para todos - Ciclodeporte". O artigo 1.1.039 do Título XV da Normativa Técnica da Federación Española de Ciclismo establece que "...La licencia de ciclismo para todos se expedirá a los ciclistas que practican el ciclismo como pasatiempo" e o título V da Normativa Técnica da Federación Galega de Ciclismo - 2026 define ao Ciclismo para Todos como unha especialidade ciclista que concibe este deporte como un exercicio físico con fins deportivos, de lecer e turísticos ou culturais
Solicitante: CLUB CICLISTA LUOU-TEO NIF: G15273758 Cod. Exp.: 2026000010210 Obxecto: ORGANIZACIÓN PROBA CICLISTA DE COMPETICIÓN FEDERADA PARA CICLISTAS XUVENILES	Non acadar a puntuación mínima
Solicitante: CLUB CICLISTA PADRONES NIF: G15031719 Cod. Exp.: 2026000010209 Obxecto: ORGANIZACIÓN PROBA CICLISTA XIII RUTAS XACOBEAS-COPA DE ESPAÑA 2026	Non acadar a puntuación mínima
Solicitante: CLUB DEPORTIVO ESCUELA AYUDE NIF: G70159959 Cod. Exp.: 2026000009026 Obxecto: CAMPIONATO DE EUROPA PROFESIONAL DE KICKBOXING E TORNEO INTERNACIONAL DO CERNE DE GALICIA	Desistencia da solicitude por non contestar ao requirimento de emenda do 15 de marzo de 2026
Solicitante: CLUB FOOTBALL EVENTS NIF: G22783195 Cod. Exp.: 2026000010116 Obxecto: II TORNEO INTERNACIONAL SUB 16 BERGANTIÑOS FOOTBALL CUP	Desistencia da solicitude por non contestar ao requirimento de emenda do 6 de marzo de 2026
Solicitante: CLUB POWER FENIX NIF: G15651938 Cod. Exp.: 2026000006546 Obxecto: CAMPIONATO DE ESPAÑA ABSOLUTO DE POWERLIFTING CIDADE DE FERROL NOVEMBRO 2026	Non contestar correctamente ao requirimento de emenda da solicitude do 4 de marzo de 2026

Oitavo.- Publicar a presente resolución de concesión definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 4 de xuño de 2026

O presidente,

Valentín González Formoso

O secretario,

Miguel Iglesias Martínez

2026/3798